

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA NO CONCELLO DE A GUARDA O 12 DE XULLO DE 2007.**

No Salón de Plenos do Concello de A Guarda, sendo as nove horas e trinta minutos do día doce de xullo de dous mil sete, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria urxente do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- Dna. M<sup>a</sup> Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González
- Dona M<sup>a</sup> Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- Dna. Carmen M<sup>a</sup> Castro González.
- D. José Bernardo Cadilla Lomba.
- D. José Alberto González Vicente.
- Dona M<sup>a</sup> de Fátima Iglesias Ferreira.
- D. José Vicente Ferreira.
- D. Fernando Domínguez Martínez
- Dona Rosa M<sup>a</sup> Martínez Costoya.
- D. Celso Juan Rodríguez Fariñas.
- Dna. Isabel Lidia González Alonso.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

**PUNTO PRIMEIRO: RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

O señor Alcalde procede á xustificar a urxencia da sesión :

***“O obxecto do presente Pleno é someter a aprobación o proxecto de Obradoiro de Emprego Manuel B. Portela V, que debido á súa contía (1.002.854,02 euros) debe ser sometido a consideración polo Pleno Corporativo, que se convoca con carácter extraordinario urxente porque o prazo para a presentación de documentación para solicitude de subvención ante a Consellería de Traballo remata o 15 de xullo de 2007, e***

*sen que poida esperar á celebración do Pleno ordinario do presente mes, resaltando ademáis a importancia que o Obradoiro ten para o Concello de A Guarda, e a recente toma de posesión do novo equipo de goberno.*

*Por todo o anteriormente exposto, solicito do Pleno da Corporación a ratificación da urxencia, de acordo co artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril.”*

O señor Alcalde explica que, pola contía do proxecto, faise necesario someter o proxecto ó Pleno da Corporación, rematando o prazo para a presentación de documentación ante a Consellería de Traballo o 15 de xullo de 2007, que é domingo, polo que debe saír do Concello o venres. Di que non tiveron moito tempo, despois de tomar posesión empezaron a traballar o 18 de xuño, e esperan que a Consellería outorgue a súa aprobación.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que a propia explicación deixa clara a urxencia, polo que aprobarán a urxencia, e tamén o proxecto.

Intervén o señor Rodríguez Fariñas e di que, en relación coa urxencia, van a aprobala, e en relación co proxecto, teñen unha dúbida en relación co encaixe económico do proxecto no orzamento.

Intervén o señor González Vicente e di que aprobarán a urxencia.

Sometida a votación a ratificación da urxencia, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Cadilla Lomba, González Vicente, Iglesias Ferreira, Vicente Ferreira, Domínguez Martínez, Martínez Costoya, Rodríguez Fariñas, González Alonso e Lomba Alonso (dezasete votos a favor ).

#### **PUNTO SEGUNDO: PROPOSTA DE SOLICITUDE DE OBRADOIRO DE EMPREGO MANUEL B. PORTELA V.**

O señor Español Otero da conta da seguinte proposta:

#### **“PROPOSTA DE SOLICITUDE DE OBRADOIRO DE EMPREGO MANUEL B. PORTELA V.**

#### **DATOS XERAIS:**

- **Data de inicio: 03/12/07**
- **Duración: 12 meses**
- **Total alumnos traballadores: 48**

- **Especialidades: Auxiliar de axuda a domicilio, Xardinería, Carpintería e Cantería.**

- **Obras / Servizos:**

**Axardinamento na Fonte da Bisorca.  
Axardinamento na Praza de Salcidos.  
Axardinamento no Paseo Marítimo.  
Auxiliar de axuda no fogar.**

**CUSTE PROXECTO:**

**Custe total proxecto: 1.002.854 €  
Subvención Consellería de Traballo 926.487,42 €  
Aportación do Concello 76.366,59 €**

<b>ACTUACIONES</b>	<b>MATERIAL OBRA NO SUBVENCIÓNABLE IVA INCLUIDO</b>	<b>SUBVENCION CONSELLERIA DE TRABAJO</b>	<b>TOTAL ORZAMENTO</b>
<b>FORTE BISORCA</b>	<b>9.060,67</b>	<b>152.194,27</b>	<b>161.254,94</b>
<b>SALCIDOS</b>	<b>28.295,71</b>	<b>233.842,16</b>	<b>262.137,87</b>
<b>PASEO MARITIMO</b>	<b>39.010,22</b>	<b>308.829,14</b>	<b>347.839,36</b>
<b>AXUDA A DOMICILIO</b>	<b>0</b>	<b>231.621,85</b>	<b>231.621,85</b>
<b>TOTAL</b>	<b>76.366,60</b>	<b>926.487,42</b>	<b>1.002.854,02</b>

**Son gastos subvencionables os de contratación do persoal docente, directivo, de apoio así como os de contratación dos alumnos/traballadores (incluíndose en todos os custes salariais e de seguridade social). Tamén son subvencionables os gastos de funcionamento e xestión tales como adquisición de medios didácticos, material de consumo para a formación, material de oficina, gastos xerais, póliza de responsabilidade civil, etc.**

**Non son subvencionables, e dicir son por conta do Concello, todos os gastos de materiais tales como lousas, farois, papeleiras, etc.**

**ACORDO A TOMAR**

**Solicitar ante a Consellería de Traballo subvención para por en marcha o Obradoiro de Emprego “Manuel B. Portela V” coas seguintes obras/servizos**

- 1. Axardinamento na Fonte da Bisorca con un presuposto total de 161.254,94 €**
- 2. Axardinamento na Praza de Salcidos con un presuposto total de 262.137,87 €**
- 3. Axardinamento no Paseo Marítimo con un presuposto total de 347.839,36 €**
- 4. Auxiliar de axuda no fogar con un presuposto total de 231.621,85 €**

**Total custe O.E. 1.002.854 € “**

O señor Español Otero explica que na proposta se xustifica a urxencia do Pleno, pois o prazo para presentar a documentación remata o 15 de xullo. Di que seguramente habería outros obxectivos posibles e merecedores de levarse a cabo, pero non houbo tempo, empezaron a traballar o 18 de xuño, traballaron contra reló, e o proxecto vai mellorar os servizos ós cidadáns e a calidade de vida, crearán 48 postos de traballo e se dará formación a 48 persoas. Resulta novedoso o módulo de axuda a domicilio, sobre todo agora, coa aplicación da Lei de Dependencia. Buscou a oportunidade política de redactalo agora, pois outros Concellos non o prepararon, e non se podía deixar pasar, hai máis oportunidades de conseguilo, porque hai menor competencia. Debe destacarse que a contía supera o millón de euros, e supón unha inversión importante da Consellería de Traballo, o Concello de A Guarda aportará 76.000 euros, o que representa pouca inversión, para algo que é rentable. Fai referencia ás aportacións por cada módulo, sinalando que no caso de Axuda a Domicilio o custe é cero, soamente se aportará material, o resto o aporta a Consellería. Quere agradecer ós Servizos Sociais do Concello a rapidez do seu traballo para poder levar este módulo. Di que igual hai que variar o proxecto, son conscientes de que poden presentarse cambios, mantendo a contía e sen variar a ubicación. En canto á dubida plantexada polo señor Rodríguez Fariñas, nun principio a dificultade viña dada pola ausencia de orzamento aprobado, pero hai un informe da Intervención do Concello, no que sinala que se xenerará crédito nas partidas orzamentarias correspondentes. Di que a aportación se fai no que resta de ano, e tendo en conta que empezaría o 2 de decembro deste ano, para 2007 só contaría decembro. Segundo o informe de Intervención, non hai problema nese sentido. Finalmente, quere agradecer o esforzo dos traballadores do Concello que participaron na elaboración do proxecto, e pide a aprobación do mesmo.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que as explicacións pormenorizadas dadas o satisfacen e que aprobarán o proxecto.

Intervén o señor Rodríguez Fariñas e di que o informe de Intervención non estaba na carpeta do Pleno, e pedirán unha copia, pero as dúbidas están aclaradas, polo que aprobarán o proxecto.

Intervén o señor González Vicente e di que o van apoiar, parécelles beneficioso para A Guarda, e prestarán toda a axuda necesaria para este e outros proxectos.

O señor Alcalde agracede o apoio dos grupos municipais.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Cadilla Lomba, González Vicente, Iglesias Ferreira, Vicente Ferreira, Domínguez Martínez, Martínez Costoya, Rodríguez Fariñas, González Alonso e Lomba Alonso (dezasete votos a favor ).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e cincuenta minutos o Sr. Presidente levanta a sesión , de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Vº e Pr.

A Secretaria

O Alcalde-Presidente

Jose Manuel Domínguez Freitas

Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez-Alegre